

Xurxo, o peregrino que non aparece e ao que todos buscan

Un xogo *online* invítanos a percorrer Galicia dende a casa na busca de pistas



“Un amigo noso, Xurxo Crespo, ía facer o camiño de Santiago hai un par de meses, quedou en virnos visitar cando rematara... Pero nunca se puxo en contacto con nós”.

Con esta premisa dá comezo ***U-lo Xurxo?***, un **xogo de pistas e investigación *online* gratuito** ideado para agudizar o enxeño e pasar un bo rato nestes días onde toca quedarse na casa.

“As últimas novas que temos del son que pensaba aloxarse en Silleda a noite do 21 de febreiro, pero a xente do hostel nos confirma que nunca chegou alí...”.

Aventeira, a cooperativa de educación e lecer que está detrás do xogo, fai na [súa web](#) un chamamento á cidadanía para que lle axuden a atopar ao seu amigo “desaparecido”. Os xogadores e xogadoras que decidan unirse á pescuda terán que ir **descifrando pistas e recorrendo varios puntos de Galicia de xeito virtual** co fin de achar ao peregrino.

Para botarlles unha man **non se precisa moito máis que contar cun móbil ou ordenador conectado á rede** e espertar o instinto investigador que todos e todas levamos dentro. Esta proposta lúdica **en galego** está **dirixida tanto a pequenos como a maiores**, aínda que se recomenda xogar en equipo coa familia ou amigos para unha mellor experiencia.

Non hai tempo que perder para dar co Xurxo... Úneste á busca? U-lo Xurxo?

Podes comezar o xogo [aquí](#).

Inicio do xogo: <https://aventeira.com/u-lo-xurxo/>

Lanzamento do xogo: 24/04/20 *en activo*

Prezo: ofrecido de balde

Galería de fotos: [cartafof](#)

Contacto:

- e-mail: aventeira@aventeira.com
- Teléfono: 722 342 658
- [WEB](#)
- [Facebook](#)
- [Instagram](#)